

Epílogo

Rafael YÁÑEZ JATO

Eu nacín a carón do río. Nacín nas entrañas da montaña, onde os nenos aprendiamos primeiro a esquivar o risco dos bancais baleiros que había nos canóns.

Nunca gostei de vivir nos lugares onde rematan os camiños, mais sempre me seduciou chegar a eles.

Da miña nai non lembro nada, coido que herdei os seus ollos. De meu pai herdei a calvicie e mais este xenio de meu que me fixo chegar até eiquí desta maneira.

De pequeno, moi noviño, marchei a estudar ao seminario a pesares de ser vinculeiro. De pequeno, moi noviño, deixei a aldea onde nacín e máis nunca voltei a ela. Chorei a primeira semana, no seminario ía frío e don Elpidio quentaba os nosos erros cunha vara feita de rabo de touro que nos lembraba acotío que nacera en Salamanca.

Por defuntos xa eu me afixera á vida a carón do claustro. Uns días antes do meu aniversario chegaron novas da miña casa, morrera miña nai. Ninguén tivo respostas para min, ninguén tivo un aloumiño para os meus medos de neno, os homes non choran.

Cando ía ser o Nadal, o reitor do seminario, supoño que por indicación do meu pai, decidíu que eu sería un bo axudante en todos os oficios. Logo pasou o entroido sen nos decatarmos, agás o mércores de cinza, e foi a Semana Santa a que se fixo longa coas súas vixilias e aquel cheiro a incenso que desmaiaba beatas. Maio cos seus cantos á virxe traía a calor do verán.

No mes de xuño entroume gran devoción pensando en que na casa tería que apañar leña para quentar o inverno ou axudar nas colleitas, así que fun eu quen decidíu non ir polo verán.

Recei unha tarde enteira en xullo do 36, tiña eu sete anos cumpridos e non entendía nada. Chegaron así as épocas dos cantos ao sol e ¡¡Arriba España!! Fun eu un alumno brillante, amedrentado polos contos da guerra.

O reitor deume tamén a nova da morte de meu pai, nunca souben en que bando e nunca quixen sabelo, eu tiña dez anos e xa tiña elexido.

Ao recibir o meu primeiro pantalón longo don Elpidio levoume ao seu cuarto. Tú no quieres ser sacerdote, afirmou. Tiña razón. Tienes que hablar con el Rector. Cando chamei á porta el sabía o que eu ía dicir e fixo que non fora moi difícil falar con el.

Polo visto meu pai deixara antes da guerra algo de cartos en depósito para os meus gastos. O reitor soubo adminístralos para que eu estudase. Non perdín o tempo e fun un bo estudante.

Dos meus primeiros traballos lembro perfectamente o ano 59. Ao porto de Pasajes chegaban piritas cor verde de Huelva. Eu estaba destinado alí adxunto ao Gobernador Civil por influencias de seu irmán don Elpidio, que de mallar a reo nas miñas costas rematou por collerme cariño.

Os estibadores comezaban a sufrir as consecuencias da toxicidade da pirita e case que non podían traballar; ían suxeitando coas mans un pano no nariz. Ao baixar do tren en San Sebastián agardaba por min un home rexio de bigote mouro que me entregou unha carpeta co expediente. Levoume no Citroën ao que sería o meu primeiro gran encargo: rematar cos atrasos no traballo dos estibadores que estaban a traer consecuencias económicas deplorables.

En Rentería coñecín a Rosa, o meu matrimonio con ela deume o segundo gran empuirio profesional. Don Amancio, seu pai, home de ben

e gran terratenente de Valladolid controlaba o negocio do gando. Don Amancio quería deixar a Rosa ben asesorada así que eu, ben considerado polo Réxime e sen vínculos familiares, era o home perfecto.

Tras a nosa voda vivimos en Valladolid, alí naceu a nosa única filla, a miña debilidade Viridiana, coma a película de Buñuel. Pero Viridiana era unha rapaza ceibe, coma o seu nome, e a principios dos anos oitenta foise nunha viaxe coas amigas por Almería e non volveu a casa. Por aqueles anos xa marchamos a vivir a Madrid, eu sentía que era o dono do mundo no chale dunha urbanización privada.

Pedinlle ao xa retirado Xeral Rico que fora na procura de Viridiana. Ao chegar chamoume dicindo que ela traballaba espida nun chiringuito de Mojácar e pediu ordes. Non as houbo. Durante a cea comenteillo a Rosa e non volvían a saber nada.

En Madrid vivimos a transformación do país, custoume manter os meus negocios coas novas leis e o cabrón do Ventura... pero todo voltou a ser coma antes. Entrei e salín dos ministerios coa mesma facilidade e, agás algunha visita ao xulgado ou ás comisarías, acusacións envexosas e o cabrón do Ventura... pouco a

pouco funme convertindo neste vello respetado. Nos últimos meses sentín que ía morrer por dúas veces e foi cando decidín que tiña que facer unha última viaxe.

Había unha cascuda no ceo. Belarmino xa non tiña ollos para vela. *Teño présa*, dixo, e o condutor acelerou a marcha. Nos asentos traseiros do Mercedes dona Rosa ía coma sempre, en silencio. *Estáseme a facer moi lonxe*, rosmou Belarmino.

Mentres chegaban aos canóns a Belarmino turbóuselle a mirada, sentiu coma que voltaba a ser rapaz, el que case non fora neno naquelas terras. Chorara por elas os primeiros días do seminario, si, pero esquecera o cheiro húmido a terra que agora sentía. Cos ollos abertos sen ver nada comezou a sentir o seu propio sangue correndo polo seu corpo e como pouco a pouco comezaba a se coagular.

Coa fiestra do Mercedes 500 baixada, o coche detívose a carón da pequena estrada, mirando ao río. Belarmino, coa respiración cada vez máis lenta, pechou os ollos e con eles o seu propio círculo.